

**REGISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMIENTO QUE SE REALIZAN EN AMICO:**

- Documento actualizado bianualmente por parte da Secretaría da entidade.
- Recolle información de 2ª capa , mais detallado de cada tratamento.

**IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DO TRATAMENTO**

Responsable do tratamento	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE COMPOSTELA E COMARCA (AMICO) CIF: G15385115
Datos de contacto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Domicilio: rúa Modesto Brocos, nº 3 baixos, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña</li> <li>• Teléfono: +34 663551316 – 981 574 698</li> <li>• e-mail: <a href="mailto:info@amico.es">info@amico.es</a></li> </ul>
Data de actualización do documento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 18/05/2022</li> </ul>

O presenta documento elaborado pola Secretaría do responsable de tratamento, recolle a relación de tratamentos de datos que ten a asociación baixo a súa responsabilidade e control, de cara á acreditar o cumprimento da normativa en materia de protección de datos, a saber:

- Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPDP): norma de aplicación directa en toda a Unión Europea, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD): norma que ten por obxecto a adaptación do ordenamento xurídico español ao RXPDP, completar as súas disposicións e garantir os dereitos dixitais da cidadanía conforme ao mandato establecido no artigo 18.4 da Constitución – versión consolidada

**Cuestións xerais a considerar:**

AMICO é unha asociación sen ánimo de lucro que non conta con persoal ao seu cargo nin dispón de lugar de traballo propio, polo que dispón do uso de diversos espazos , en función das necesidades de actuación, sendo preciso por tanto, unha política de protección de datos ad hoc.

A base de lexitimación da entidade deriva do marco xurídico impulsado pola Lei orgánica 1/2002, de asociacións, que establece unha serie de obrigas documentais e contables, nas que tamén require dispoñer de datos persoais das persoas asociadas.

Con todo, considera:

- A protección das persoas físicas en relación co tratamento dos seus datos persoais é un **dereito fundamental** protexido polo artigo 18.4 da Constitución española que reconece a facultade de controlar os seus datos persoais e a capacidade para dispoñer e decidir sobre os mesmos.
- Ten a **consideración de dato persoal** toda información que permita identificar ou facer identificable unha persoa física.
- **Constituirá un tratamento de datos persoais** calquera operación realizada sobre datos persoais como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución.
- **Lexitimación ou bases xurídicas para o tratamento:** Con carácter xeral, será:
  - O consentimento para o tratamento de datos persoais para un ou varias finalidades, que presta a persoa interesada que ha de manifestar a súa vontade libre, específica, informada e inequívoca
  - tamén formará parte da lexitimación habitual, a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou da que é beneficiaria;
  - ou o cumprimento dunha obriga legal aplicable a AMICO.
  - Inclusive poderá estar baseado cando o tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro,

- **Finalidades do tratamento:** Con carácter xeral, os datos persoais que se tratan na entidade, responden á cumprimento dunha finalidade detallada en cada tipo de tratamento identificado, e por tanto, define porqué e para que se recaban os datos.
- **Prazos de conservación:** Con carácter xeral, os datos persoais serán conservados mentres sexan necesarios para as finalidades de cada tratamento e, en todo caso, durante os prazos previstos pola lexislación aplicable ou, se o tratamento se basease no consentimento previamente outorgado pola persoa interesada, en tanto esta non o retire.
- **Destinatarios dos datos:** Os datos tratados por AMICO poderán ser comunicados , cando sexa necesario conforme á lexislación vixente e/ou en función de cada tipo de relación subxacente (económica, legal, de colaboración, asociativa, financiadora, etc..) , aos destinatarios sinalados en cada tratamento
- **Os dereitos que asisten ás persoas en relación aos datos persoais:** As persoas interesadas teñen os dereitos de transparencia na información, acceso aos seus datos persoais, rectificación dos datos inexactos, supresión dos mesmos cando sexa posible, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado que lle afecte significativamente (malia que en Amico esta actuación non se leva a cabo), dereito a retirar o consentimento en calquera momento e dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Estes dereitos poderán exercerse ante o responsable de tratamento, previa identificación da persoa solicitante a través do correo electrónico [info@amico.es](mailto:info@amico.es) e acompañando copia do seu documento de identidade,
- **Medidas técnicas e organizativas de Seguridade dos datos persoais:** AMICO adopta unha serie de medidas de seguridade técnicas e organizativas , dirixidas a garantir a seguridade dos datos persoais e evitar a súa alteración, perda , tratamento ou acceso non autorizado..
  - Neste senso, desenvólvese a previsión do Artigo 32 do Regulamento Xeral de Protección de Datos, tendo en consideración o estado da técnica, os custes de aplicación, o alcance , contexto e fins do tratamento, así como os riscos de probabilidade e gravidade variables para os dereitos e liberdades das persoas físicas.
  - **Análise de posibles Riscos:**
    - Tendo en conta que a análise de riscos varía en función de varios factores: natureza dos datos, número de persoas interesadas ou o tipo de tratamentos, o principal risco que se detecta é o relativo a que , a asociación trata principalmente datos de identificación e de saúde (discapacidade) e de tipo socioeconómico das persoas socias e/ou participantes en actividades, e que está suxeito a xustificar documentalmente determinadas actividades ante as Administracións Públicas financiadoras.
    - Os riscos principais serán:
      1. Destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita de datos persoais transmitidos, conservados ou tratados.
      2. Comunicación ou acceso non autorizado dos datos.
  - **Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento:** As persoas que acceden a datos (Xunta Directiva), terán que asinar o compromiso de confidencialidade e non revelación de información.
  - **Mobiliario con acceso restrinxido mediante chave:** dito mobiliario atópase nas instalacións de COGAMI (zona de arquivo) así como en domicilio da Secretaría (moble branco con chave) no que se gardan os arquivadores AZ con documentación asociativa e de programas realizados mentres están vixentes.
  - **Uso habitual de sistemas de encriptado e/ou seudonimización:** para o envío de documentos que conteñan datos persoais
  - **O material informático (portátil da entidade e disco duro) conta con contrasinal de acceso.** Modificación manual da contrasinal periódica a cargo da Secretaría.
  - **Correo electrónico:** acceso restrinxido con nome de usuario e contrasinal á Presidencia e Secretaría.

- **Contratación de servizos con provedores con suficientes garantías en materia de protección de datos:** A este respecto todos os contratos incorporan cláusulas de confidencialidade e protección de datos.
- **Non temos capacidade de restaurar a dispoñibilidade e acceso a datos de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico :** Realízase copia de seguridade de disco duro regular (como mínimo semestral); e/ou de ser o caso, acúdese á contratación de servizos informáticos que sexan necesarios.
- Non se dispón de **procedemento de verificación, avaliación e valoración regular da eficacia de medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.**

**Rexistro de tratamentos:**

**1. Persoas socias e/ou integrantes dos órganos de dirección e administración da entidade.**

Base legal Lexitimación	Consentimento das persoas integrantes Interese lexítimo do responsable
Finalidade	Xestión da relación coas persoas asociadas: xestións informativas, administrativas, económico financeiras, comerciais, atención, asesoramento, resolución de consultas, reclamacións, formación, representación, e calesquera outras que sexan solicitadas de xeito expreso pola persoa asociada. Xestión da relación cas persoas integrantes dos órganos de goberno e representación da entidade, e envío de información.
Categoría de persoas interesadas	Persoas asociadas. Persoas integrantes dos organos (que son asociadas)
Categoría de datos persoais	Identificativos e de contacto: nome apelidos, dni, correo electrónico , teléfono, traxectoria, domicilio Datos de saúde: certificado grao discapacidade, resolución dependencia, Datos económicos: nivel de renda
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Só na medida esixida por lexislación vixente e/ou obrigas derivadas das entidades financiadoras e colaboradoras, a: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistros públicos</li> <li>• Administración tributaria</li> <li>• Entidades financeiras</li> <li>• Administracións públicas</li> <li>• Entidades nas que AMICO está integrada: Federación Cogami Coruña,</li> <li>• Entidades afíns: COGAMI</li> <li>• Encargados de tratamento</li> </ul>
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade pola que se recaba .Finalizado o tratamento, os datos conservanse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescrición de posibles responsabilidades.

**2. Persoas usuarias das distintas actividades e programas realizados pola asociación.**

Base legal Lexitimación	Consentimento da persoa interesada Interés lexítimo da entidade responsable Cumprimento dunha obrigaón legal
Finalidade	• Xestión e tramitación das actividades/ programas e servizos da entidade, levados cabo no marco das finalidades estatutarias,

	<p>directamente executados por AMICO e/ou en colaboración con terceiros), e en concreto nas áreas de : actividades de integración social, laboral, educación, formación, accesibilidade, atención sociosanitaria, atención integral, atención a infancia, xuventude, mulleres, diversidade, promoción autonomía persoal, autocoidado, lecer , documentación e información, asesoramento, participación en programas.</p> <p>Actualmente os programas principais son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Información e asesoramento</li> <li>• Sevizos sociais e sociosanitarios: programa de Rehabilitación</li> <li>• Actividades reivindicativas</li> <li>• Actividades de promoción do asociacionismo</li> </ul>
Categoría de persoas interesadas	<p>Persoas asociadas. Persoas integrantes dos órganos (que son asociadas)</p>
Categoría de datos persoais	<p>Identificativos e de contacto: nome apelidos, dni, correo electrónico , teléfono, traxectoria, domicilio Datos de saúde: certificado grao discapacidade, resolución dependencia, Datos económicos: nivel de renda</p>
Procedencia	<p>Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento</p>
Categoría de destinatarios de comunicacións	<p>Só na medida esixida por lexislación vixente e/ou obrigas derivadas das entidades financiadoras e colaboradoras, a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistros públicos</li> <li>• Administración tributaria</li> <li>• Entidades financeiras</li> <li>• Administracións públicas</li> <li>• Entidades nas que AMICO está integrada: Federación Cogami Coruña,</li> <li>• Entidades afíns: COGAMI; MEULAR</li> <li>• Encargados de tratamento: Néunet; Galicia Pilates; Meular; Combina; Cogami;</li> </ul>
Transferencias internacionais	<p>Non se prevé</p>
Prazos previstos de supresión	<p>Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade pola que se recaba .Finalizado o tratamento, os datos conservanse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescripción de posibles responsabilidades.</p>

### 3. Xestión das actuacións de tipo reivindicativo / coordinación e fortalecemento asociativo

Base legal Lexitimación	<p>Consentimento da persoa interesada Interesa lexítimo da entidade responsable Cumprimento de misión realizada en interese público</p>
Finalidade	<p>Xestión da participación nas actividades e actuacións de tipo reivindicativo, de coordinación e fortalecemento asociativo organizadas pola asociación, directa ou indirectamente Envío de información institucional Difusión pública da actividade</p>
Categoría de persoas interesadas	<p>Persoas asociadas. Persoas interesadas Sociedade en xeral</p>
Categoría de datos persoais	<p>Identificativos Imaxes Vídeos e outros recursos audiovisuais</p>

Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Na medida en que estas actividades se dirixen á difusión para cumprimento de misión da entidade, poden ser comunicados algún tipo de dato como a imaxe a : Persoas asociadas Persoas usuarias de páxina web, redes sociais, memorias da entidade e outros soportes de difusión Administracións públicas Entidades nas que AMICO está integrada: Federación Cogami Coruña, Entidades afíns: COGAMI; COCEMFE;
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade pola que se recaba .Finalizado o tratamento, os datos conservanse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescripción de posibles responsabilidades.

#### 4. Xestión de Sevizos sociais e sociosanitarios: programa de Rehabilitación

Base legal Lexitimación	Consentimento da persoa interesada interese lexítimo da entidade responsable
Finalidade	Xestión da participación nas actividades e actuacións de servizos sociais e sociosanitarios, organizadas pola asociación, directa ou indirectamente, en concreto o Programa de Rehabilitación. Envío de información institucional Difusión pública da actividade
Categoría de persoas interesadas	Persoas asociadas. Persoas interesadas
Categoría de datos persoais	Identificativos Imaxes; Vídeos e outros recursos audiovisuais Datos sensibles: discapacidade, de saúde, grao de dependencia, recursos, necesidades de apoio, etc. Datos socioeconómicos: situación sociolaboral,,
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Só na medida esixida por lexislación vixente e/ou obrigas derivadas das entidades financiadoras e colaboradoras, a: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Rexistros públicos</li> <li>• Administración tributaria</li> <li>• Entidades financeiras</li> <li>• Administracións públicas: <b>principalmente Deputación de A Coruña.</b></li> <li>• Entidades nas que AMICO está integrada: Federación Cogami Coruña,</li> <li>• Entidades afíns: COGAMI; MEULAR</li> <li>• <b>Encargados de tratamento: Néunet; Galicia Pilates; Meular; Combina; Cogami;</b></li> </ul>
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade pola que se recaba así como a xustificación económica da subvención á que se vencella. Finalizado o tratamento, os datos conservanse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescripción de posibles responsabilidades.

### 5. Xestión solicitudes de información

Base legal Lexitimación	Consentimento da persoa interesada
Finalidade	Xestión e rexistro consultas formuladas a AMICO por parte das persoas físicas, responsables de tratamento, encargados, persoas xurídicas e/ou administracións
Categoría de persoas interesadas	Persoas físicas incluídos representantes persoas xurídicas que dirixan consultas a Amico
Categoría de datos persoais	Identificativos e de contacto: nome apelidos, dni, correo electrónico , teléfono, traxectoria, domicilio Outros datos: que se atopen necesarios e incluídos na consulta
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Non se prevé. En caso de ter que derivar á persoa, avisaráselle e facilitaráselle para que contacte coa entidade especializada.
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade oara a tramitación e resposta. .Finalizado o tratamento, os datos conservaranse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescripción de posibles responsabilidades.

### 6. Voluntariado.

Base legal Lexitimación	O consentimento que presta a persoa interesada, E o cumprimento dunha obriga legal que temos como entidade de acción voluntaria Lei 45/2015 de Voluntariado / Lei 10/2011 de acción voluntaria
Finalidade	Rexistro , seguimento, xestión administrativa e facer as comunicacións necesarias, das persoas voluntarias
Categoría de persoas interesadas	Persoas interesadas en voluntariado en Amico
Categoría de datos persoais	Identificativos Saúde (se é preciso) Condenas por Delitos penais contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores, ou outros especialmente graves. Imaxes / vídeos
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Entidade coordinadora da acción voluntaria: COGAMI (para a xestión de acordo voluntariado e xestión de seguros) Datos estatísticos sobre número desgregado por sexo, a administracións públicas e entidades colaboradoras
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade pola que se recaba .Finalizado o tratamento, os datos conservaranse bloqueados/encryptados ata que se haxa cumprido prazo prescripción de posibles responsabilidades.
Medidas de seguridade	A documentación xerada neste tratamento gárdase durante 2 anos. Tras iso, procédese a súa destrución /encryptado

### 7. Exercizo de dereitos de protección de datos por persoas interesadas

Base legal Lexitimación	O consentimento que presta a persoa interesada, E o cumprimento dunha obriga legal
-------------------------	---

Finalidade	Xestionar as peticións de exercizo dos dereitos previstos na normativa de protección de datos recibidas, de carácter gratuito, a través do procedemento habilitado pola asociación. Só hai que poñerse en contacto coa entidade a través do correo electrónico <a href="mailto:info@amico.es">info@amico.es</a>
Categoría de persoas interesadas	Persoas físicas que solicitan o exercizo dos dereitos en Amico
Categoría de datos persoais	Identificativos: nome apelidos, dni dirección , sinatura, teléfono e email
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	Non se prevé
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservarase durante tempo necesario para acreditar cumprimento da obriga

## 8. Comunicacions e prensa: redes sociais; Páxina web; xestión de persoas usuarias web e contacto

Base legal Lexitimación	Consentimento expreso da persoa: Interese lexítimo
Finalidade	<p>Xestión da comunicación institucional divulgación de boletíns, información, novas, a través da páxina web, redes sociais, blog, ou whatsapp.</p> <p><b>A páxina web</b> ten como finalidade informar da nosa entidade e das actividades e programas que desenvolve a asociación. É unha ferramenta de intercambio de información coas persoas usuarias. A primeira visita a web pode xerar que se almacene as cookies. Por favor consulte a información relacionada coa política de cookies e configúrea segundo o seu interese.</p> <p><b>Correo electrónico:</b> Pode poñerse en contacto con nós a través das canles habilitadas, e precisará que lea e acepte os termos previstos previamente.</p> <p>En todo caso pode enviarnos as súas dúbidas e consultas a través do correo electrónico <a href="mailto:info@amico.es">info@amico.es</a></p> <p>Se envía consultas ou dudas a través de correo electrónico será preciso recoller un mínimo de datos persoais de forma puntual e serán tratados para atender a súa petición e envío expresamente.</p> <p>Toda a información que se recolle co seu consentimento expreso, voluntario e informado, será tratada de modo seguro e confidencial. Os seus datos non serán empregados a fins distintos dos descritos, e en todo caso, de ser preciso, será previamente informado e requirirase o seu consentimento agás que exista outra base lícita.</p> <p><b>Páxina de facebook Amico:</b> Amico só realizará respecto dos datos recollidos por esta plataforma, dar resposta as consultas recibidas na páxina así como obterá estadísticas do número de visitantes da mesma. E relacionará o enlace á web da asociación. Amico non garante o nivel de protección de datos da aplicación Facebook por canto ten a sede en EEUU, polo que promoverase que non se traten datos a través deste sistema mais que os estritamente necesarios.</p> <p><b>Whatsaap corporativo Amico:</b> medio de mensaxería instatánea utilizada para realizar comunicacións e envíos a persoas asociadas a través de grupos de difusión, así como, naqueles supostos autorizados pola persoa que se integra no grupo de whatsapp . Amico non garante</p>

	o nivel de protección de datos da aplicación whatsapp por canto ten a sede en EEUU, polo que promoverase que non se traten datos a través deste sistema mais que os estritamente necesarios.
Categoría de persoas interesadas	Persoas físicas usuarias das distintas redes da entidade
Categoría de datos persoais	Identificativos: nome apelido, correo electrónico, teléfono., imaxe
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Prestadores de servizos TI con acceso a datos (deseñadores e provedores de plataformas /web, servizos de aloxamento, mantemento e soporte técnico.</li> <li>• Encargados de tratamento</li> </ul>
Transferencias internacionais	As plataformas de internet como Facebook, Whatsapp poden constituír unha transferencia internacional de datos.

### 9. Xestión económica, contable e recursos económicos. Provedores etc...

Base legal Lexitimación	Execución dun contrato
Finalidade	Realización de servizos económicos, contables e de prestación de servizos contratados e/ou integrados en convenio marco, con terceiros
Categoría de persoas interesadas	Provedores Persoas de contacto Entidades encargadas tratamento : COGAMI / FEDERACIÓN COGAMI CORUÑA / MEULAR /NÉUNET / GALICIA PILATES / COMBINA /
Categoría de datos persoais	Identificativos: Información comercial Datos económicos, financeiros e de seguros Transaccións de bens ou servizos Encargo de tratamentos
Procedencia	Persoas interesadas e/ou representantes legais (no caso de menores), con ou sen prestación de medidas de apoio para manifestación do seu consentimento
Categoría de destinatarios de comunicacións	No caso de ser preciso por obriga legal, derivada da execución do contrato, poderá comunicarse datos á: Rexistros públicos Administración tributaria Entidades financeiras Administracións públicas Entidades financiadoras e/ou colaboradoras.
Transferencias internacionais	Non se prevé
Prazos previstos de supresión	Conservación durante tempo preciso para cumprir coa finalidade oara a tramitación e resposta. .Finalizado o tratamento, os datos conservaranse bloqueados/encrptados ata que se haxa cumprido prazo prescrición de posibles responsabilidades.